

TÉCNICO/A DE CONTROL GALEGO

1.- Indica en que artigo da Constitución Española de 1978 se regula que *“todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes”*:

- a) 10.
- b) 15.
- c) 14.
- d) 20.

2.- Segundo o artigo 16 da Constitución Española de 1978:

- a) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- b) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía nin relixión pero si sobre as súas crenzas.
- c) Calquera poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- d) Calquera poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía pero non sobre a súa relixión ou crenzas.

3.- Segundo o artigo 19 da Constitución Española do 1978 os españois teñen dereito a entrar e saír libremente de España:

- a) Salvo que este dereito se limite por motivos políticos
- b) Salvo que este dereito se limite por motivos ideolóxicos.
- c) Salvo que este dereito se limite por motivos políticos ou ideolóxicos.
- d) Este dereito no poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos.

4.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia corresponde á Comunidade Autónoma a organización das súas institucións de autogoberno. Indica de que tipo de competencia se trata:

- a) Compartida.
- b) Exclusiva.
- c) Específica.
- d) Complementaria.

5.- Segundo o artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, no marco das normas básicas do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución de:

- a) Unha Biblioteca de Galicia e os seus fondos documentais.
- b) A xestión dun Arquivo de Galicia.
- c) Unha Consellería de Cultura e a Real Academia Galega.
- d) O réxime de prensa e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.

6.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, como se denomina á persoa física ou xurídica que ten a responsabilidade editorial sobre a selección dos programas e contidos audiovisuais do servizo de comunicación audiovisual e determina a maneira na que se organiza o dito contido:

- a) Facilitador de contidos.
- b) Prestador do servizo de comunicación audiovisual.
- c) Editor do servizo.
- d) Comunicador.

7.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, en relación coas persoas con discapacidade sinalar a resposta incorrecta:

- a) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe axustada das persoas con discapacidade.
- b) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe respectuosa das persoas con discapacidade.
- c) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe inclusiva das persoas con discapacidade.
- d) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe estereotipada das persoas con discapacidade.

8.- Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de Galicia, a emisión do servizo público da Corporación RTVG comprende o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) E poderá estenderse a cobertura ao territorio de calquera outra comunidade autónoma.
- b) E poderá estenderse a cobertura ao territorio dunha comunidade autónoma limítrofe e con afinidades culturais e lingüísticas.
- c) E non poderá estenderse ao territorio de ningunha outra comunidade autónoma.
- d) E poderá estenderse ao conxunto do territorio nacional.

9.- Segundo o establecido no artigo 12 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de Galicia, son órganos da Corporación RTVG os seguintes:

- a) O Consello de Administración e a Directora ou Director Xeral.
- b) A Xunta de Accionistas e a Directora ou Director Xeral.
- c) A Xerencia e o Consello de Dirección.
- d) O Consello de Accionistas e a Xerencia.

10.- Segundo o establecido no artigo 2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as cal das seguintes NON é unha relación laboral de carácter especial:

- a) Servizo do fogar familiar.
- b) Deportistas profesionais.
- c) Traballadores/as con discapacidade que prestan os seus servizos en centros especiais de emprego.
- d) Persoal docente en centros de ensino.

11.- Segundo o establecido no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as:

- a) Non poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador/a.
- b) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador/a en todo caso.
- c) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador/a cando sexan necesarios para a protección do patrimonio empresarial.
- d) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador/a fóra das horas de traballo.

12.- Segundo o establecido no artigo 49 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as o contrato do traballo extinguirase:

- a) Por mutuo acordo das partes.
- b) Por xubilación da persoa traballadora.
- c) Por despedimento da persoa traballadora.
- d) Todas as anteriores son causas de extinción do contrato de traballo.

13.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as disposicións da dita lei:

- a) Non poden ser melloradas nin desenvolvidas nos convenios colectivos.
- b) Poden ser melloradas e desenvolvidas nos convenios colectivos.
- c) Poden non ser aplicadas na súa totalidade se así o recollen os convenios colectivos.
- d) Poden aplicarse de xeito parcial se así o recollen os convenios colectivos.

14.- Segundo o establecido no artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a que termo corresponde a seguinte definición "*Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo*":

- a) Condición de traballo.
- b) Proceso de traballo.
- c) Equipo de traballo.
- d) Cadea produtiva.

15.- Segundo o establecido no artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo:

- a) Recaen por metades na empresa e a persoa traballadora.
- b) Recaen na súa totalidade na persoa traballadora.
- c) Non deberán recaer en modo algún sobre os/as traballadores/as.
- d) Recaen entre a empresa e a persoa traballadora na proporción que se estableza no convenio colectivo.

16.- O artigo 1 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) exclúe do seu ámbito de aplicación:

- a) Ao persoal que ten asinado un contrato de relevo.
- b) Ao persoal na situación de xubilación parcial.
- c) Ao persoal na situación de baixa por maternidade.
- d) Ao persoal que ten asinado un contrato artístico.

17.- O artigo 35 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) considera período nocturno:

- a) O comprendido entre as 22:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- b) O comprendido entre as 21:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- c) O comprendido entre as 20:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- d) O comprendido entre as 20:30 e as 07:00 horas do día seguinte.

18.- Cantos niveis económicos establece o artigo 51 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015):

- a) Dez
- b) Nove
- c) Oito
- d) Sete

19.- O artigo 92 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) establece o despedimento como sanción para o caso da comisión de faltas:

- a) Moi graves
- b) Graves
- c) Leves
- d) Para calquera tipo de falta.

20.- Segundo o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas en relación coas remuneracións, sinala a resposta correcta:

- a) Non se poderá percibir máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas que dependan deles, ou con cargo aos dos órganos constitucionais, salvo nos supostos previstos nesta lei.
- b) Pódense percibir cantas remuneracións sexan precisas, sen limitación algunha.
- c) Esta lei non regula a percepción de remuneracións.
- d) Pódense percibir remuneracións ata un límite de 3.000 euros mensuais.

21.- Segundo o artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, a que colectivo NON lle é de aplicación a dita lei:

- a) Persoal civil e militar ao Servizo da Administración do Estado.
- b) Persoal ao servizo das administracións da Comunidades Autónomas.
- c) Persoal ao servizo das Corporacións Locais.
- d) Persoal ao servizo das Institucións Internacionais.

22.- Segundo o artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas indica a cantos consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas se pode pertencer por norma de carácter xeral:

- a) 4
- b) 5
- c) 3
- d) 2

23.- O artigo 2 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais establece:

- a) Que non lle será de aplicación aos tratamentos sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas.
- b) Que non lle será de aplicación aos tratamentos que deriven de actividades culturais.
- c) Que non lle será de aplicación aos tratamentos que deriven de actividades deportivas.
- d) Que non lle será de aplicación aos tratamentos sometidos á normativa sobre espectáculos públicos.

24.- O artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais establece que o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderán fundarse no seu consentimento cando sexa:

- a) Maior de once anos.
- b) Maior de doce anos.
- c) Maior de trece anos.
- d) Maior de catorce anos.

25.- Segundo o artigo 12 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, como norma xeral as actuacións levadas a cabo polo responsable do tratamento para atender as solicitudes de exercicio dos dereitos serán:

- a) Onerosas.
- b) Aboadas na súa integridade pola persoa solicitante.
- c) Gratuítas.
- d) Aboadas na súa integridade pola Axencia de Protección de Datos.

26.- Segundo o artigo 81 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- a) O acceso a Internet atenderá á realidade específica das contornas urbanas.
- b) O acceso a Internet pode limitarse á poboación que teña maior capacidade económica.
- c) O acceso a Internet procurará a superación da fenda de xénero no ámbito persoal e laboral.
- d) O acceso a Internet procurará a superación da fenda xeracional mediante accións dirixidas á poboación máis nova.

27.- Segundo o establecido no artigo 1 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia esta lei ten por obxecto:

- a) Integrar transversalmente a perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento das políticas públicas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.
- b) Considerar especificamente as singularidades das mulleres rurais e do mar e regular ao efecto o seu estatuto e o Observatorio da Muller Rural e do Mar.
- c) Regular os órganos competentes en materia de igualdade no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.
- d) Todos os anteriores son obxecto da Lei.

28.- Segundo o establecido no artigo 4 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia a situación na que se atopa unha persoa que sexa, tivera sido ou puidese ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación comparable considérase:

- a) Discriminación indirecta.
- b) Discriminación directa.
- c) Acoso por razón de sexo.
- d) Acoso sexual.

29.- Segundo o establecido no artigo 60 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, a administración autonómica fomentará o debate electoral sobre cuestións de xénero, a través dun incremento do tempo gratuíto de propaganda electoral dun:

- a) Cinco por cento.
- b) Oito por cento.
- c) Dez por cento.
- d) Vinte por cento.

30.- Segundo o establecido no artigo 167 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia elaborárase unha declaración de principios de tolerancia cero en materia de acoso sexual e de acoso por razón de sexo na que constará:

- a) A definición do acoso sexual a través de exemplos complicados e de difícil comprensión.
- b) O recordatorio de que só o persoal directivo debe de respectar a dignidade da persoa.
- c) A explicación do procedemento formal de solución.
- d) A identificación, en cada unidade administrativa ou centro de traballo, do asesor ou asesora confidencial.

31.- Dispoñer dunha cortina nun recinto axuda a mellorar a absorción a _____, a condición de que sexa tupida e plisada.

- a) Baixa frecuencia.
- b) Alta frecuencia.
- c) Calquera banda de frecuencia.
- d) Media frecuencia.

32.- O acondicionamento e o illamento acústico está regulado por:

- a) As curvas NC.
- b) Tempo de reverberación.
- c) RASTI.
- d) Código técnico da edificación.

33.- O sonómetro de maior precisión pertence á:

- a) Clase 0.
- b) Clase 1.
- c) Clase 2.
- d) Clase 3.

34.- O tempo de reverberación dun recinto é o tempo en que tarda en caer o sinal _____ despois de apagar a fonte sonora.

- a) 60 decibeles.
- b) 30 decibeles.
- c) 20 decibeles.
- d) 10 decibeles.

35.- En calquera recinto, unha das superficies que ten maior absorción é:

- a) Escenario.
- b) Teito.
- c) Chan.
- d) Público.

36.- A curva NC é unha ferramenta útil á hora de avaliar _____ dunha sala.

- a) RT.
- b) A reflexión.
- c) Ruído de fondo.
- d) A difusión.

37.- A teoría acústica que considera ao son como un raio é a teoría:

- a) Dos modos propios.
- b) Ondulatoria.
- c) Xeométrica.
- d) Estatística.

38.- Un expansor utilízase para _____ a dinámica do sinal e reducir o ruído de fondo.

- a) Eliminar.
- b) Minimizar.
- c) Aumentar.
- d) Ecuilibrar.

39.- Para que serve un insert ou punto de inserción?

- a) Para amplificar o sinal de audio.
- b) Para procesar un sinal, co envío e o retorno no mesmo punto.
- c) Para procesar un sinal, co envío e o retorno en puntos distintos.
- d) As tres respostas son correctas.

40.- Que banda de frecuencia é a que preferentemente utilizan actualmente os equipos sen fíos de son?

- a) VHF.
- b) UHF.
- c) DVB-T.
- d) QPSK.

41.- Que características comúns podemos distinguir nun micrófono sen fíos?

- a) Son metálicos, con sistemas antigolpes e cos controis de difícil acceso para evitar a súa manipulación.
- b) Son metálicos, con sistemas antigolpes, protexidos contra a humidade e cos controis de fácil acceso.
- c) Sistemas de montaxe antigolpes, metálicos, protexidos contra a humidade e coa conexión entre micrófono e emisor tirante.
- d) Protexido contra a humidade e os golpes e en contacto coa pel humana.

42.- Que elementos ofrecen máis resistencia á propagación do sinal de radiofrecuencia?

- a) Materiais non condutores, como os metálicos.
- b) Materiais condutores, como os metálicos.
- c) Materiais condutores, como a madeira ou o cristal.
- d) Materiais non condutores, como a madeira ou o cristal.

43.- Que nos informa a Relación de Ondas Estacionarias ou ROE nos equipos sen fíos de son?

- a) A marxe dinámica do sinal.
- b) A maior ou menor posibilidade de aparición de axustes.
- c) Se o sistema está adaptado ou non en impedancia.
- d) A potencia de emisión.

44.- Que tipo de modulación empregan os equipos sen fíos de son?

- a) FM.
- b) AM.
- c) DBL.
- d) QPSK.

45.- Que tipo de sinal é a que se utiliza para transportar o sinal modulador ata o receptor?

- a) Sinal sinusoidal.
- b) Sinal modulado.
- c) Sinal teletransportador.
- d) Sinal portador.

46.- O sistema diversity en espazo consiste en:

- a) Varios emisores e un receptor todos sintonizados na mesma canle. Estes emisores sitúanse en diferentes posicións.
- b) Un emisor e varios receptores todos sintonizados na mesma canle, situados en diferentes posicións.
- c) Un emisor e varios receptores sintonizados en canles diferentes para que non interfiran entre si.
- d) Un emisor e un receptor con varias antenas, cada unha delas cunha lonxitude distinta.

47.- En equipos sen fíos profesionais de son a conexión entre a antena e o receptor adoita ser:

- a) Canon XLR.
- b) BNC.
- c) RCA.
- d) Mini-jack.

48.- En sistemas de son sen fíos de máis de 3 receptores, que elemento de distribución se debería empregar para evitar a perda de sinal?

- a) Distribuidores diversity en espazo.
- b) Distribuidores diversity en frecuencia.
- c) Distribuidores pasivos.
- d) Distribuidores activos.

49.- Cal é o mellor ángulo de captación dun micrófono omnidireccional?

- a) A 0° .
- b) A 90° .
- c) A 180° .
- d) Capta por igual a todas as angulacións.

50.- Cal é a diferenza entre unha guitarra acústica e unha electroacústica?

- a) Non existe diferenza algunha.
- b) A guitarra electroacústica ten un transdutor para amplificar o seu son e a acústica non.
- c) A guitarra electroacústica non ten un transdutor para amplificar o seu son e a acústica si.
- d) A electroacústica ten cordas de nylon e a acústica non.

51.- Cal é a mellor estratexia de captación para eventos en directo?

- a) Usar técnicas de microfonía afastada.
- b) Usar técnicas de microfonía sen fíos.
- c) Usar técnicas de microfonía próxima.
- d) Usar só micrófonos de condensador.

52.- Cal é a saída relativa a 90º dun micrófono hipercardiode?

- a) 0 dB.
- b) -12 dB.
- c) -6 dB.
- d) - inf.

53.- Cando captamos o son dun saxofón:

- a) Sempre hai que evitar o ruído das claves.
- b) O ruído das claves forma parte do son do instrumento.
- c) Hai que captalo de forma independente con outro micrófono.
- d) Utilízase sempre micrófonos de pinza.

54.- Xeralmente para captación en directo é recomendable

- a) Micrófonos sensibles e pouco directivos.
- b) Micrófonos pouco sensibles e moi directivos.
- c) Micrófonos de condensador omnidireccionales.
- d) Usar varios micrófonos para cada instrumento afastados máis dun metro.

55.- Cal é a función da panoramización na mestura de audio?

- a) Proporcionar ao público unha sensación acústica acorde coa localización dos músicos sobre o escenario.
- b) Realizar agrupación de canles de entrada para poder controlalos cun só fader.
- c) Realiza a agrupación de varios sinais nunha soa.
- d) Variar a distribución dos planos sonoros de cada unha das fontes de programa.

56.- Que é a directividade dun micrófono?

- a) É a capacidade dun micrófono de resposta ante a presión acústica.
- b) É a resposta do micrófono ante unha fonte sonora en función do ángulo do que proveña.
- c) É a diferenza de resposta dun micrófono entre dúas fontes sonoras.
- d) É a resposta do micrófono ante unha fonte sonora en función da potencia sonora.

57.- Que función ten o PAD nun preamplificador de micrófono?

- a) Inverte a fase do sinal de entrada 180°.
- b) Xerador de baixa frecuencia.
- c) Interruptor de alimentación phantom.
- d) Atenúa o sinal de entrada 20dB.

58.- Cando colocamos dous micrófonos cardioides, colocados a 90° entre os seus eixos, estamos a usar unha técnica denominada:

- a) Decca Tree.
- b) Par coincidente XY.
- c) Par M-S.
- d) Estéreo Blumlein.

59.- O sinal sobre a que podo decidir se o envío prefader ou postfader é o que vai por:

- a) Auxiliar.
- b) Master.
- c) Ambas son certas.
- d) Ambas son falsas.

60.- A técnica que provoca un efecto máis realista respecto de escoita binaural, especialmente a través de auriculares é a:

- a) Par XY.
- b) Estéreo M-S.
- c) Jecklin Disk.
- d) Par omnidireccional con cabeza artificial.

61.- Os micros máis usados nos estudos, pola súa dinámica ampla e o seu reducido ruído de fondo son os:

- a) Dinámicos.
- b) De condensador de diafragma grande.
- c) Electret.
- d) De Zona de Presión.

62.- Tres micrófonos omnidireccionais formando un triángulo equilátero e apuntando á fonte sonora, separados por entre 60 e 120 cm forman un:

- a) Par M-S.
- b) Decca Tree.
- c) Par omnidireccional con cabeza artificial.
- d) Par coincidente.

63.- Un micro con resposta cálida e resoante; extremadamente delicado e sensible á sobrecarga; atenuador de graves de tres posicións, excelente para cordas, atabales, saxofóns, trompas, seccións e voz; non recomendado como micrófono para tomas microfónicas axustadas, é un micro:

- a) Bobina móbil.
- b) Condensador.
- c) Canón.
- d) Cinta.

64.- O código de tempo MIDI é o:

- a) MTC.
- b) CTL-MIDI.
- c) MID-Track.
- d) O código de tempo MIDI non existe.

65.- Unha interface de comunicación pensada para transmitir datos de audio sen compresión (PCM), ademais doutros sinais como sincronismos, todo iso por un só cable, adoptado como estándar profesional é:

- a) ADAT.
- b) AES/EBU.
- c) S/DIPF.
- d) ANSI.

66.- O método que usa o sampler para reproducir un son a diferentes alturas é:

- a) Modificación da frecuencia de saída.
- b) Conversión da frecuencia de mostraxe mediante interpolación en tempo real.
- c) Ambas son certas.
- d) Ambas son falsas.

67.- Nunha configuración End-Fired

- a) Os altofalantes sitúanse un diante doutro.
- b) Os altofalantes colócanse un encima doutro (vertical).
- c) Os altofalantes colócanse en forma de liña arquexada.
- d) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

68.- O tempo de reverberación mídese ou expresase en:

- a) Segundos.
- b) Terzo de oitava (1/3) ou oitavas.
- c) Graos.
- d) É adimensional.

69.- O tempo de reverberación determina _____ dun recinto.

- a) O illamento acústico.
- b) A aplicación.
- c) O tamaño.
- d) A calidade acústica.

70.- O número de ciclos por unidade de tempo chámase:

- a) Período.
- b) Velocidade de propagación.
- c) Frecuencia.
- d) Lonxitude de onda.

71.- O defecto coñecido como _____ é debido a un desfasamento.

- a) Comb filter.
- b) Realimentación.
- c) EQ.
- d) FFT.

72.- Nunha instalación eléctrica _____ é un dispositivo de protección.

- a) Un termostato.
- b) Un magnetotérmico.
- c) Un transformador.
- d) Un alternador.

73.- Que separación deben ter os altosfalantes nun arranxo lineal de subgraves?

- a) Depende da marxe frecuencial que van reproducir.
- b) 1,7 m.
- c) 3,4 m.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

74.- Que marxe frecuencial emite un subgrave?

- a) Alta frecuencia.
- b) Moi baixa frecuencia.
- c) Media frecuencia.
- d) Todas as frecuencias.

75.- Á hora de realizar unha sonorización ao aire libre hai que considerar:

- a) A temperatura.
- b) A humidade.
- c) O vento.
- d) Todas as anteriores.

76.- No proceso de postproducción para que se pode empregar os retornos auxiliares?:

- a) Para recoller os sinais enviados a procesadores externos.
- b) Para a monitorización do sinal.
- c) Para axustar os niveis de entrada.
- d) Para reconstruír o sinal estéreo rexistrado en técnicas M/S.

77.- Que documento se realiza no momento do rexistro de audio e contén datos como os códigos de tempo, o número de escena, plano e toma?

- a) Guión literario.
- b) Guión técnico de postproducción.
- c) EDL.
- d) Informe de gravación.

78.- Que elemento da tarxeta de son consiste nunha memoria intermedia situada entre a CPU da computadora e a tarxeta de son, permitindo evitar os problemas derivados de desaxustes na transmisión entre estes elementos?

- a) DSP.
- b) Buffer.
- c) ADC.
- d) DCA

79.- Que indica a anotación MOS no informe de gravación?

- a) Sons inservibles.
- b) Que nese arquivo ou anaco de cinta non se gravou son.
- c) Son non sincrónico coa imaxe.
- d) É unha gravación que se empregará como wild track.

80.- A conexión AES/EBU emprégase para:

- a) Conectar equipos semiprofesionais ou domésticos.
- b) Conectar sintetizadores.
- c) Conectar todos os equipos profesionais, polo que nun entorno dixitalizado será a conexión máis frecuente.
- d) Conectar mediante fibra óptica equipos de formato ADAT.

81.- Os formatos que expresan información acerca das características do seu contido coñécense como:

- a) Autodescritivos.
- b) RAW.
- c) Sen cabeceira.
- d) Abertos.

82.- En que frecuencia é común que no baixo se agregue un reforzo?

- a) 150 Hz.
- b) 100 Hz.
- c) 250 Hz.
- d) 300 Hz.

83.- Que opción, das que nos ofrece o noso software de secuenciación de son ao crear un novo proxecto, se mide en hercios?

- a) Profundidade de cuantificación.
- b) Codificación.
- c) Bit depth.
- d) Frecuencia de mostraxe.

84.- Na fase inicial debemos evitar manipular o efecto sonoro coma se se tratase da mestura final, xa que cun excesivo tratamento pode quedar inutilizado. Isto débese a que un son tratado illadamente non soa igual que cando é reproducido xunto a outros, podendo _____ certos matices del.

- a) Aumentarse.
- b) Salientarse.
- c) Enmascararse.
- d) Atenuarse.

85.- Cal é a intensidade máxima especificada para unha toma de corrente de tipo Schuko?

- a) 4 amperios.
- b) 8 amperios.
- c) 16 amperios.
- d) 32 amperios.

86.- Que magnitude podería medirse cun polímetro conectado aos polos dunha toma eléctrica de tipo Schuko?

- a) Tensión eléctrica.
- b) Intensidade eléctrica.
- c) Resistencia.
- d) Potencia eléctrica.

87.- ¿Nun sistema trifásico de baixa tensión, que diferenza de potencial debería haber entre 'S' e 'R'?

- a) 400 voltios.
- b) 350 voltios.
- c) 230 voltios.
- d) 110 voltios.

88.- Das seguintes opcións, indica cal corresponde cunha característica espectral.

- a) ADSR.
- b) Relación sinal-ruído.
- c) Ancho de banda.
- d) Fase.

89.- Imaxina que nun amplificador doméstico o cable de fase entra en contacto coa carcasa metálica exterior, debidamente posta a terra. Que ocorrerá co diferencial da instalación:

- a) Saltará porque a corrente de derivación é inferior a 30 mA.
- b) Non saltará porque a corrente de derivación é inferior a 30 mA.
- c) Saltará porque a corrente de derivación é superior a 30 mA.
- d) Non saltará porque a corrente de derivación é superior a 30 mA.

90.- Ademais da malla, cantos condutores deberá ter un cable para poder transportar sinais balanceados?

- a) Como mínimo un.
- b) Dous, como mínimo.
- c) Polo menos tres.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

91.- Que problemas poden producirse ao conectar unha saída de liña a unha entrada de micrófono?

- a) Ruído e saturación.
- b) Maior relación sinal a ruído.
- c) Diminución da resposta en frecuencias altas.
- d) Ningunha das anteriores.

92.- Para que tipo de sinais se empregan os conectores Speakon?

- a) Sinais de liña.
- b) Sinais de potencia para altosfalantes.
- c) Sinais de micrófonos de gran diafragma.
- d) Ningunha das anteriores.

93.- Se temos unha resistencia conectada a unha pila e ademais conectamos as puntas de medida dun polímetro aos extremos da devandita resistencia, que podemos medir de forma adecuada?

- a) Tensión eléctrica.
- b) Intensidade eléctrica.
- c) Resistencia.
- d) Ningunha das anteriores.

94.- Se temos unha resistencia de 10 ohmios conectada en paralelo con outra de 40 ohmios, cal será o valor da resistencia total?

- a) 4 ohmios.
- b) 8 ohmios.
- c) 40 ohmios.
- d) 48 ohmios.

95.- Nas retransmisións deportivas adóitase usar como fondo sonoro:

- a) Músicas alegres.
- b) Son obxectivo e sincrónico.
- c) Sons subxectivos.
- d) Melodías pegadizas.

96.- A velocidade con que se interpreta unha peza musical vén indicanda polo:

- a) Compás.
- b) Marcador.
- c) Tempo.
- d) Ritmo.

97.- Os instrumentos nos que o son procede do mesmo instrumento ao vibrar mediante percusión, frotación ou pulsación reciben o nome de:

- a) Cordófonos.
- b) Membranófonos.
- c) Idiófonos.
- d) Aerófonos.

98.- Os puntos de inflexión na voz que facemos, tras unha coma por exemplo, reciben o nome de:

- a) Fonema.
- b) Tonema.
- c) Speech.
- d) Logatonos.

99.- Cales das seguintes siglas NON corresponde cunha norma para a catalogación de materiais sonoros:

- a) RCA2.
- b) IASA.
- c) IATA.
- d) ISBM-NBM.

100.- O fragmento musical utilizado para separar contidos ou bloques dentro dun mesmo programa e cuxa duración son uns cinco segundos chámase:

- a) Refacho.
- b) Sintonía.
- c) Cortina.
- d) Golpe musical.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 144

R1.- Un RTMID de 1,2s sería un valor adecuado para...

- a) Un locutorio de radio.
- b) Unha sala de concertos de pequenas dimensións.
- c) Un estadio.
- d) Unha sala de concertos de grandes dimensións.

R2.- Que é a sensibilidade dun micrófono?

- a) É a resposta en frecuencia dun micrófono.
- b) É a capacidade de resposta do micrófono en función do patrón polar.
- c) É a capacidade do micrófono para transformar a tensión eléctrica en presión acústica.
- d) É a capacidade do micrófono para transformar a presión acústica en tensión eléctrica.

R3.- A voz de muller máis grave tena a:

- a) Soprano dramática.
- b) Contralto
- c) Mezzosoprano.
- d) Mezzosoprano lírica.

R4.- Segundo o Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº 167, do 2 de setembro de 2015), a que nivel salarial pertence a categoría de Técnico/a de Control:

- a) Nivel 1.
- b) Nivel 2.
- c) Nivel 3.
- d) Nivel 4.

